Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/45/2022	GOB16I0M5	
5N284N3D5D562J0D0MW0		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/DªMARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª OLGA AMENEIRO LOPEZ D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MªPILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do quince de decembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA , MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA DUNHA PARCELA DESTINADA A VIARIO NO LG. DA IGREXA- SAN XIAO.**.-

(…)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por D. Sergio Castro Díaz e Dna. Vanesa Amado Pena, para destinalo a vial.
SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO: "PUESTA EN VALOR DEL ÁREA ESTANCIAL DEL PARQUE FLUVIAL DEL RÍO FREIXEIRO-PARQUE DE JUEGOS" (PRTR- NEXT GENERATION) .**.- Vista a proposta formulada que di

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

asi: A administrativa adscrita aos Programas Europeos e Planificación Local o día 13.12.2022 elevou a esta Alcaldía o informe proposta co código PLA16I09Y que di:
“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta
EXPEDIENTE	PLA/13/2022: solicitude de subvención para o proxecto: “Posta en valor da área estancial do parque fluvial do río Freixeiro- parque de xogos” (PRTR- Next Generation EU)
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Solicitude de subvención

O 21 de novembro de 2022, a FEMP publicou as “Bases reguladoras e a segunda convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación e rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia” na web da Rede Española de Cidades Saudables (RECS).

Esta convocatoria enmárcase nas actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e do Real decreto 1070/2021, do 4 de decembro, financiadas a través do Instrumento Europeo de Recuperación “Next Generation EU” e regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables.

Este real decreto desenvólvese a través de convenios-programa entre a FEMP e o Ministerio de Sanidade para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables mediante a creación ou rehabilitación de contornas saudables. No ámbito destes convenios-programa elaborouse a convocatoria de axudas e bases que a regulan, dirixidas ás entidades locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS). Estas actuacións enmárcanse dentro dos obxectivos definidos no Compoñente 18 “Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde” Investimento 2 (C18.I.2).

Neste contexto, resultan subvencionables as actuacións propostas no proxecto “Posta en valor da área estancial do parque fluvial do río Freixeiro- parque de xogos”. O importe estimado das actuacións que integran o proxecto de obras ascende a 136.554,62 € (IVE incluído), incluíndo a execución das obras, a dirección e coordinación das obras e o control de calidade do proxecto.

Doutra banda, contémplase a previsión de realizar actuacións de promoción, difusión e comunicación do proxecto, co fin de garantir a transparencia na xestión dos fondos e visibilizar o papel determinante da Unión Europea no proceso de reactivación e transformación da economía tras a pandemia da Covid-19. O importe destas accións ascende a 3.000,00 € (IVE incluído).

A habilitación de crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias está condicionada á concesión da axuda solicitada e á aprobación do correspondente expediente de modificación de crédito.

O importe total das actuacións propostas ascende a 139.554,62 € (IVE incluído).

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Resolucións de Alcaldía,* do 25 de xuño de 2019, *sobre designación de tenentes de alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local* (BOP nº 125 do 4 de xullo de 2019). Nesta resolución a Alcaldía- Presidencia delega na

Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, *a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, se é o caso.*

- Real decreto 1070/2021, do 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, quen subscribe, informa á Alcaldía-Presidencia, da adopción das seguintes propostas:

1º.- Aprobar o proxecto e a realización da actuación denominada "Posta en valor da área estancial do parque fluvial do río Freixeiro- parque de xogos".

Dentro desta operación inclúese a execución das obras, a dirección e coordinación das obras e o control de calidade do proxecto por un importe de 136.554,62 € (IVE incluído) e actuacións de promoción e difusión do proxecto por un importe de 3.000,00 € (IVE incluído). O importe total estimado de execución desta actuación ascende a 139.554,62 € (IVE incluído). A axuda solicitada para esta actuación ascende a 139.554,62 € (IVE incluído), o 100% dos custos elixibles solicitados, que se corresponde coa intensidade máxima da axuda.

Plan de financiamento provisional:

PROXECTO	"POSTA EN VALOR DA ÁREA ESTANCIAL DO PARQUE FLUVIAL DO RÍO FREIXEIRO-PARQUE DE XOGOS"
IMPORTE TOTAL	139.554,62 €
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)	
Entidade	Importe
FEMP (Next Generation EU)	139.554,62 €
SUBTOTAL (A)	139.554,62 €
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto	100,00%
ACHEGA MUNICIPAL (B)	
Aplicación orzamentaria	Importe
-	-
SUBTOTAL (B)	0,00 €

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto	0,00%
TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)	139.554,62 €

A habilitación de crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias para a execución do proxecto está condicionada á concesión da axuda solicitada e á aprobación do correspondente expediente de modificación de crédito.

2º Solicitar a axuda á Federación de Municipios e Provincias por importe de 139.554,62 €, para a execución da citada actuación, no marco da segunda convocatoria de axudas para a realización de actuacións da C18.I.2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiadas a través do Instrumento Europeo de Recuperación "Next Generation EU".

3º Asumir esta entidade o compromiso de habilitar crédito axeitado e suficiente polo total do custo da actuación, isto é, un importe total de 139.554,62 €, unha vez que lle sexa comunicada a resolución definitiva positiva total ou parcial da axuda, para financiar a execución da actuación denominada "Posta en valor da área estancial do parque fluvial do río Freixeiro- parque de xogos".

4º Asumir esta entidade os compromisos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de recuperación, transformación resiliencia.

5º.- Designar á alcaldesa-presidenta, D.ª Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para a relación coa FEMP no referente a esta solicitude de subvención."

Logo de ver o citado informe e despois da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto co código ICO16I0GA, esta alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE DECEMBRO E DO ADICIONAL DE NOVEMBRO DE 2022.**.-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **decembro de 2022**, por importe de **7.787,20 €** e **46 recibos.**

SEGUNDO: Aprobar o padrón fiscal adicional das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **novembro de 2022**, por importe de **1.319,45 €** e **20 recibos.**

TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE DECEMBRO DE 2022.**.-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de decembro de 2022, cun importe de 28.436,91 € e 1.440 contribuíntes.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4